

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de xaneiro de 2023, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

## 2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1373-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 20 de xaneiro de 2023, o 23 de xaneiro do mesmo ano, concedeuse un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.: en concreto debía achegar un novo Anexo III firmado dixitalmente polo representante de TK ELEVADORES, S.L.U., que concorre como terceiro aportando a súa solvencia, xa que o Anexo III achegado estaba firmado dixitalmente polo representante de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e de xeito manuscrito polo representante de TK ELEVADORES, S.L.U.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: en concreto debía achegar un novo Anexo II no que figurara o compromiso de cumprir o plan antifraude do Concello de Vigo, tal e como figura no modelo incluído no PCAP do presente procedemento.

Ambos licitadores presentan a documentación requirida en prazo e, logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  - PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
  - XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

## 4- Apertura da documentación técnica

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura" (1373-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/02/2023 12:33	Páxina 1 de 2
1373-441	CSV: A6A3BH-8EEF28-4458DB-UR6VK8-JUM69L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/02/2023 12:33	Páxina 2 de 2
1373-441	CSV: A6A3BH-8EEF28-4458DB-UR6VK8-JUM69L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		